


# A ADAPTACIÓN DAS TITULACIÓNS UNIVERSITARIAS: O PROCESO DE BOLONIA

---

A “Declaración de Bolonia” (19 de xuño de 1999), suscrita por 30 estados europeos, establece as bases para a construción dun “Espazo Europeo de Educación Superior” (EEES), organizado segundo os principios de calidade, mobilidade, diversidade e competitividade.

Esta conversión do Sistema Europeo pretende incrementar o emprego na Unión Europea reestructurando as actuais titulacións (arquitectura, arquitectura técnica, enxeñerías, enxeñerías técnicas, diplomaturas e licenciaturas) en graos de catro anos de duración e postgraos.

A nova estrutura das titulaciones adaptadas ao EEES quedaría configurada da seguinte forma:



## **TÍTULO DE GRAO**

Os novos graos durarán catro anos, polo que as actuais diplomaturas de tres anos e as licenciaturas de cinco terán unha duración de catro anos.

Como novidade existirán unhas materias comúns en primeiro de carreira en tódalas titulacións dunha mesma área de coñecemento, pero adaptadas a cada título.

Haberá varias das actuais titulacións que terán que desaparecer por falta de alumnado, xa que o Consello Galego de Universidades propuxo un mínimo de 25 alumnos en primeiro curso para cada titulación, polo que perigan numerosas Filoloxías e titulacións técnicas.

## **ADAPTACIÓN NO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (SUG)**

Recentemente o Consello Galego de Universidades (que representa á Xunta, as universidades, aos seus consellos sociais e os grupos parlamentarios) elaborou as liñas xerais para a adaptación das titulacións ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES).

Esta adaptación realizarase en dúas fases:

### **Primeira fase:**

No curso 2008/2009 adaptaranse as titulacións únicas (que só se imparten nun dos sete campus galegos) e non todas, polo que moitos dos nosos alumnos/as de 2º de bacharelato deste curso estrearán o novo sistema. Nesta fase poderían entrar ata 15 titulacións, pero antes terán que enviar toda a documentación ao Ministerio antes do 15 de febreiro de 2008.

Entre as titulacións candidatas a transformarse a Grao o vindeiro curso están na Universidade de Santiago de Compostela: Arte, Ciencias Políticas, Psicoloxía, Enxeñería Topográfica e Matemáticas; na Universidade de Vigo poderían ser: Traducción, Ciencias do Mar, Enxeñería de Minas, Enxeñería de Telecomunicacións, Publicidade, Industriais e Belas Artes; e na de A Coruña: Podoloxía e algúnha outra.

Pero todavía haberá que esperar que facultades fan os seus deberes a tempo e se adaptan para o curso 2008/2009.

### **Segunda fase:**

No curso 2009/2010, entrarían no primeiro curso as titulacións duplicadas, é dicir que se impartan en varios Campus, sempre e cando cumpran os criterios de “demanda” e especialización.